# Semana




# da

# PRENSA




## Do 4 ao 8 de Marzo do 2024



# 3 ANOS – GASTRONOMÍA

# RECEITA ENSALADA





## INGREDIENTES:

1 LEITUGA PEQUENA
1 TOMATE
100 G. DE CEBOLA
100 G. DE ACEITUNAS
100 G. DE MILLO DOCE
1 CENORIA
ACEITE DE OLIVA
VINAGRE
SAL

## MATERIAIS:

COITELO
TÁBOA PARA CORTAR
ENSALADEIRA

## PASO A PASO:



1. Lava as mans con auga e xabón.



2. Lava os alimentos.



3. Corta os alimentos



4. Mestura os alimentos nunha ensaladeira



5. Adereza con aceite, vinagre e sal.

# 4 ANOS - CULTURA







COCIÑEIRA







BONIATO



- PULPO A FEIRA
- TORTILLA DE PATACA
- COCIDO
- CHURRASCO
- XAMÓN ASADO



5 ANOS - DEPORTES

# ANA PELETEIRO




Gaña a medalla de bronce en triplo

Salta 14,75, a mellor marca española "short treck" de sempre.

# 1º – PASATEMPOS

# SOPA DE LETRAS

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B | T | A | S | C | E | N | O | R | I | A |
| A | D | R | E | S | V | Z | U | M | D | I |
| M | X | L | E | I | T | U | G | A | B | A |
| O | A | E | S | R | O | F | A | I | L | D |
| R | B | N | A | T | M | D | A | N | P | O |
| O | N | T | E | U | A | E | P | U | A | E |
| D | S | E | P | R | T | X | A | N | T | A |
| O | U | L | I | C | E | B | O | L | A | S |
| G | O | L | R | X | A | L | D | I | C | A |
| H | L | A | V | I | N | D | A | T | A | E |
| X | I | V | E | R | Z | A | O | U | L | I |

LEITUGA
TOMATE
CEBOLA
VERZA

PATACA
CENORIA
AMORODO
LENTELLA

# 1º – PASATEMPOS

# CRUCIGRAMA




## VERTICAIS

1. O momento favorito de todos os nenos e nenas.
5. Corla é a nosa ...
6. Aqui plantamos froitos e verduras.

## HORIZONTAIS

2. Vila na que se atopa o noso cole.
3. Nome da profe de música.
4. Lugar onde comemos.
7. Neste lugar hai moitos libros.
8. Lugar onde traballamos.

2º - O TEMPO

# UN INVERNO MOI MOLLADO

O inverno de Covelo está tolo: chuvia, frío, sol... e incluso neve.

Na parroquia de Covelo sufriu-se un inverno moi duro.

O grupo de rexistro atmosférico do cole de Covelo (29) fixo un seguimento durante 30 días entre os meses de febreiro e marzo. Pouco vimos o sol; en 30 días solo se asomou 6. En cambio, auga caeu ata poder encher un lago. Houbo 15 días de chuvia onde acabamos fartos de tanta auga.




A primavera está por chegar, pero parece que o inverno este ano dura máis.

3º LOCAL



Valentina, vecina de Covelo, festexa os seus 100 anos de vida.

Unha muller alegre, incansable, valente e xenerosa, así a describen quenes a coñecen.

O día 2 de marzo cumpliu 100 anos.

Quedou viuva cando tiña 50 años. Sacou adiante aos seus cinco fillos.

Os seus familiares amigos recordan que esta vecina foi a nena de cinco irmáns e que senpre traballeu no canpo.

O sabado celebrou o seu cumpleaños rodeada da sua familia

# 3º - DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

¿Por que a Cor Morada representa a igualdade?
A Cor Morada Créase ao Combinar o azul e o rosa, as dúas Cores asociadas tradicionalmente aos dous sexos.

Tamén nunha fabrica americana, onde traballaban moitas mulleres, Produciose un incendio no que morreron varias traballadoras e o fume que saíu era morado.






Ana Peleteiro

Ana Peleteiro naceu o 2 de decembro de 1.995 (28 anos) en Ribeira (A Coruña), onde foi adoptada

Gracias ao seu salto de 14'75 metros a atleta colgouse a medalla de bronce e batiu o récord de España.

Ademáis tamén ten outros títulos como o bronce en triple salto nos xogos olímpicos de Tokio 2020



La selección femenina de fútbol.

A selección Española de fútbol femenino convertese, co seu título da Nation League, no país máis premiado de Europa. Nun día histórico no seu conxunto, o pasado 18 de xuño convertese no que máis títulos ten a nivel europeo

Agora a selección femenina é un referente e colocouse nos libros de historia tanto a nivel deportivo como de igualdade.

4º - CIENCIA VIDA

# Mulleres científicas

Para commemorar o día da muller o 8 de marzo, decidimo facer unha recopilación de 3 mulleres que foron importantes na historia da Ciencia. Entre elas atopamos as seguintes:

Hedy Lamar → naceu o 9 de nobembro de 1914 e morreu o 19 de xaneiro do ano 2000 en en Berre, foi actriz de cine e inventora Austriaca. inventou a primeira versión espectro ensanchado, que permitiría as comunicacións inalambricas de longas distancias.



Silvia Earle → Naceu o 30 de agosto do ano 1935 (idade 89 anos) e segue viva. O seu aniversario é o día 30 de agosto. Gañou varios premios, tales como: Patrons Golg Medal, 2013 Medalla Hubbar. Conseguiu o wold record feminino de 1.000 metros de propondidade nun submarino.



Rosa Menendez → Recibiu un total de 27 premios, entre os cales destacan: 1996 → Premio Shunk Carbon Award concedido pola empresa Alemana Shunk, a investigadores xoves, pola súa contribución ao desevolvemento da ciencia nos materiais de carbono que foi o premio mais importante dos 27 premios.
Nacemento: 12/12/1956. Falecemento: Non morreu ten 68 anos.



5º – SOCIEDADE

# Mulleres protagonistas

Literatura, activismo antirracista, defensa dos dereitos do colectivo LGTBIQ+, deportes... Non queda dúbida do protagonismo das mulleres en todos os campos.

Elisa e Marcela foron dúas mestras galegas que querían casar, pero non estaba permitido porque ambas eran mulleres. Elisa disfrazouse de home e casaron, converténdose no primeiro matrimonio homosexual coñecido en España. As autoridades españolas descubriron o engano e elas fuxiron a Portugal, perseguíronas e marcharon a Bos Aires, alí perdéuselles a pista.

Emilia Pardo Bazán naceu o 16 de setembro de 1851 e morreu o 12 de maio de 1921. Esta muller escritora destacou grazas á publicación de obras como “El pozo de la vida”. Foi a primeira muller que tomou o cargo da presidencia da Sección de Literatura do Ateneo de Madrid e en 1916 foi nomeada catedrática das linguas neolatinas da Universidade Central.

Irene González Basanta naceu o 26 de marzo de 1909 na Coruña e morreu o 9 de abril de 1928 por causa da tuberculose. Ela destacou porque foi unha das primeiras futbolistas, unha gran gardameta e fundou un club de fútbol, o Irene C.F.

Rosa Parks naceu en 1913 e morreu en 2005. Foi unha figura moi importante no movemento antirracista porque un día se acomodou nos sitios para brancos dun autobús e arrestárona. Isto provocou unha protesta da sociedade porque todas e todos temos os mesmos dereitos.

# O PAC gaña unhas eleccións moi axustadas.

## Irene Alonso supera a Sabela Méndez, do PNV, por seis votos. O Partido Animalista terá que pactar para gobernar ao non acadar a maioría absoluta.

O venres 1 de marzo tiveron lugar as votacións para elixir a presidencia de Covelo. As mesas electorais estiveron montadas na biblioteca do CEIP Antonio Blanco desde as 15:00h ata as 16:00h. A clase de sexto estivo traballando como integrantes das mesas electorais.

A participación foi moi alta chegando ata o 88,5% das persoas con dereito a voto (Maiores de 6º de infantil).

Despois dunha dura campaña dos partidos, obtivéronse uns resultados quizais inesperados. As pesquisas previas ás votacións xa intuían una victoria para o PAC, sen embargo non era tan esperada entre os partidos políticos. Sorprendentemente o PV (Partido Valorista), un partido cunha campaña excelente, so conseguiu 2 votos, o PNC (Partido Nacionalista Covelense) conseguiu 11 votos, o PNV (Partido Nacionalista Valoriense) 32 votos e o PAC 38 votos; logrando así a victoria. A porcentaxe de voto quedou como se reflicte na gráfica.




## Entrevista aos catro candidatos

**-Irene, crees que valeu a pena dicir o mitin? Por que?**
Si, porque con iso conseguiu máis votos. Os que fixeron o mitin tiveron un mellor resultado.
**-Como conseguiches os votos?**
Esforzándome ao máximo eu e o meu equipo.
**-Volverías a propoñerte ser candidata?**
Si, porque gústame ser a imaxe do equipo.

**-Sabela, que che parecen os resultados da votación?**
Paréceme ben, porque cada candidato consegue os seus votos depende de como se tome o traballo.
**-Por que cres que os 2 primeiros partidos tiveron máis votos?**
Porque as candidatas do PNV e o PAC fixeron o mitin e presentaron o díptico informativo.

**-Yago, que che parecen os resultados das votacións?**
Ben, porque o PAC foi o partido que tivo ideas mais interesantes.
**-Volverías a presentarte como candidato?**
Non, porque sentinme mal sendo candidato.

**-Ulises, todos fixeron os seus traballos ou alguén non o fixo?**
Alguén non o fixo porque estaba facendo Pixelart.
**-Paréceche xusta a votación?**
Non, non me parece xusta, porque o colexio non se tomou en serio a votación.